



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteseis de setembro de dous mil dezaseis; as once da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona María López Touza e Don Javier Iglesias Sendín. -

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezanove de setembro de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS RIB/N/77/16.-**

*Visto o escrito presentado por **Don Victor Hugo Juste Vázquez**, onde solicita Licenza de Obras para reforma dunha vivenda unifamiliar, nun inmovible sito na rúa Rosalia de Castro nº 11, desta Vila, segundo o proxecto de execución e anexos redactado polo arquitecto técnico Don Alberto Rodríguez Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Galicia con data de 21 de xuño de 2016.*

*Consta proxecto de execución e anexos redactado polo arquitecto técnico Don Alberto Rodríguez Rodríguez.*

*Consta informe da Arquitecto Municipal de data 22 de setembro de 2016.*

*Consta informe do Secretario municipal de data 23 de setembro de 2016.*

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :*

***Conceder licencia a Don Victor Hugo Juste Vázquez, para reforma dunha vivenda unifamiliar, nun inmovible sito na rúa Rosalia de Castro nº 11, desta Vila, segundo o proxecto de execución e anexos redactado polo arquitecto técnico Don Alberto Rodríguez Rodríguez.***

**1.- Condicións xerais:**



*En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.*

*A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.*

*De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.*

*Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.*

*En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.*

**Penalización:** *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

**Caducidade:** *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

## **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** *Reforma de vivenda unifamiliar.*

**Contía na que se orzan as obras:** *34.818,48 €*

**Situación e emprazamento das obras:** *Rúa Rosalia de Castro nº 11.*

**Nome ou razón social do promotor:** *Victor Hugo Juste Vázquez.*

**Director de Obra:** *Alberto Rodríguez Rodríguez.*

**Dirección de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde:** *Alberto Rodríguez Rodríguez.*

**Prazos:** *O prazo de inicio das obras non poderá exceder dun (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

**Liquidación do ICIO:** *Tendo en conta que con data 27/06/2016, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 905,28 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 34.818,48 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, coincidindo coa contía xa aboada.*



### **OUTRAS CONDICIONS.-**

- *As obras executaranse segundo proxecto de execución e anexos redactado polo arquitecto técnico Don Alberto Rodríguez Rodríguez.*
- *As portas de acceso ás novas dependencias da planta semisoto deberán cumprir as condicións das Normas de Habitabilidade de Vivendas: I.A.3.3. b) e I.B.4. c).*
- *Achegarase o Cuestionario de estatística de edificación e vivenda..*

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

#### **DEVOLUCIÓN DE AVAL.-**

Visto o escrito presentado por **Eulen S.A.**, con domicilio na rúa Venezuela nº 2, Vigo, empresa adxudicativa do servizo denominado "Servicios deportivos no polideportivo O Consello", no que solicita a devolución de aval presentado coa finalidade de garantir a correcta execución do referido servizo , por importe de 3.600 euros.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que finalizou o contrato coa empresa adxudicataria, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1.- Acceder a devolución do aval depositado por importe de 3.600 euros.
- 2.- Que se de traslado do presente acordo o interesado e aos Servizos de Intervención e Tesourería.

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

Non houbo.-

### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

#### **CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA DENOMINADA "MELLORA E ADECUACION DE PARQUES INFANTIS DENTRO DA REDE C.R.A. AMENCER.-**

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 Final da obra denominada "Mellora e adecuación de parques infantis dentro da Rede C.R.A. Amencer", redactada pola Técnico Director da Obra Don Miguel Angel Pérez Marquina, executado pola empresa Jorge González Alvarez, por un importe total de 49.493,84 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 1 Final, anteriormente indicada por importe de 49.493,84 euros, aboamento que se fará con cargo as aportacións da Dirección Xeral de Administración Local e o Concello de Ribadavia.



2. Aprobar a factura emitida pola empresa Jorge González Alvarez. co nº FE-01, de data 19.09.2016, pola mesma cantidade.

#### **XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº6/16.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº6/16, por importe de 1.500 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

#### **APROBACION DE CONVENIO**

1.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Club Mizukami Escola de Karate Shotokan, para a utilización das instalacións deportivas municipais.

2.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Club Ribadavia Atlético, para a utilización das instalacións deportivas municipais e o mantemento do campo de fútbol de herba natural do complexo "O Xestal".

3.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e a Irmandade deportiva Os Sarmiento, para a utilización das instalacións deportivas municipais.

4.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Club Ribeiro F.C., para a utilización das instalacións deportivas municipais e o mantemento do campo de fútbol "O Souto" de San Cristovo.

#### **APROBACION DE PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE.-**

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, visto o informe favorable do técnico de Seguridade e Saúde de data 03.08.2016, presta aprobación o proxecto de seguridade e saúde da obra denominada " Mellora do vial de acceso o aparcamento do parque empresarial de Ribadavia" redactado por Don Miguel Angel Pérez Marquina.

#### **APROBACION DE FACTURA FESTAS DO PORTAL 2016.-**

"A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a seguinte relación de facturas relativas as Festas do Portal 2016:

1.- José Froilan González Villadangos, relativa a actuación da orquesta La Formula nas festas do Portal 2016, por importe de 15.730 euros.

2.- Asociacion Cultural Liradavia, actuacións varias nas Festas do Portal 2016, por importe de 6.675 euros.

3.- Pirotecnica Penide S.L., servizo de fogos de artificio nas Festas do Portal 2016, por importe de 8.000,01 euros."



**APROBACIÓN DO PADRÓN DO IAE**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación ao Padrón Municipal do Imposto de Actividades Económicas correspondente ao exercicio de 2016, por importe de 55.453,61 euros. Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda fixar o período de cobro voluntario entre o 17 de outubro e o 19 de decembro de 2016.”

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as doce do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



**Concello de Ribadavia**